

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezaseis horas do serán do día vinte e oito de agosto de dous mil trece reúnense en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede das actas dos plenos dos días vinte e oito de xuño de 2013. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior. O concelleiro Cándido Prieto Lago afirma que na acta se recolle unha intervención da alcaldesa nunha pregunta sobre a sancion de augas de galicia que non correponde co que dixo .A alcaldesa afirma que o que se recolle na acta é o que dixo .


2 Proposta de aprobación das festas locais 2014. Leida a proposta da alcaldía que se copia deseguido: Visto o Decreto 127/2013 do 1 de agosto publicado no Diario Oficial de Galicia do 8 de agosto, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2014, na Comunidade Autónoma de Galicia, e dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta:PRIMEIRO.- Establecer como festivos locais para o ano 2014, os días 4 de marzo de 2014, (martes de entroido) e o 19 de marzo do 2014 .SEGUNDO.- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. Cerdido, 19 de agosto de 2013.Alcaldesa, Ana Rodríguez Montero. **Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

3 Proposta da alcaldía sobre a aprobación provisional da modificación puntual 1/2013 do Plan Xeral de urbanismo de Cerdido .Leida a proposta da alcaldía que se copia deseguido: Despois de que o día 29.04.2013 fora aprobado inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal mediante acordo do Pleno, e que este foi sometido á información pública por un prazo de dun mes mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia núm. 103, do día 31.05.2013, e nos xornais La Voz de Galicia do día17.05.2013 e no Diario de Ferrol do día 17.05.2013. e unha vez que se lles deu audiencia, simultaneamente, e durante o mesmo prazo de información pública, aos municipios limítrofes: para os efectos de que presentasen todas as alegacións que considerasen pertinentes. Despois de que se solicitara un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura, remitido o día 29.05.2013Visto os informe de Secretaría e o informe dos servizos técnicos municipais e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, esta alcaldía propón ao Pleno do Concello de Cerdido a aprobación do seguinte ACORDO: **PRIMEIRO.** Que se aprobe provisionalmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal 1/2013 para

a ampliación do cemiterio da Barqueira **SEGUNDO:**Unha vez dilixenciado, que se traslade o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.»Cerdido, 19 de agosto de 2013A alcaldesa Ana Rodríguez Montero **.Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

4- Proposta de aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais .Leida a proposta da alcaldía que se copia deseguido: Despois de varias reunións de traballo entre os concellos da zona e conscientes da necesidade de unificar a normativa local sobre as actividades extractivas de madeira e espazos forestais dos concellos, esta alcaldía propón a aprobación dunha ordenanza que regule esta actividade. Todos os concellos da comarca somos consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, polo que se pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Cerdido, no que atinxa á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. Por isto e en base o disposto na Lei 7/1985 de bases de réxime local propono ao Pleno a seguinte proposta : Primeiro : Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira de montes e espazos forestais do Concello de Cerdido que se copia como anexo a a este acordo .**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición deste no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunamente : **ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CERDIDO.LIMIAR**

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Cerdido debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais. Pero asemade, o 25% da poboación galega é propietaria de parcelas forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde. Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha mancha de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis rendas, máis emprego e máis calidade de vida. Para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector, como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, ou os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira. O Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Cerdido, no que atinxa á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E faino con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, entre outras. Nomeadamente, esta ordenanza pretende acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira. É por iso que esta ordenanza vén regular a actividade extractiva de madeira no termo



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso créase un rexistro de empresas madeireiras, para levar control das entidades que realizan actividades forestais no termo municipal, e se establecen unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados. Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Por último a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO Artigo 1.- Obxecto e fundamento

1. Segundo o disposto nos artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Cerdido establece a presente ordenanza reguladora das cortas forestais.
2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria. Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira etc.). Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2.- Definicións

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.
2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Cerdido que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).
3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Cerdido, sen prexuízo das

disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: REXISTRO, AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 4.-Rexistro de empresas madeireiras

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Cerdido deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I.

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira


1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia
- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s)
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga
- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto que a empresa madeireira non sexa posuidora de ningún destas características, deberá facelo constar expresamente no escrito de comunicación que presente e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 8 desta ordenanza

3. O Concello de Cerdido terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo II.

4. O Concello de Cerdido requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

5. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m³.

Artigo 6.- Responsables

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Cerdido velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, nomeadamente cando a corta se faga a oito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 7.- Obrigacións1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa

forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

Artigo 8.- Fianza ou cota tributaria

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establécense catro categorías:

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 €
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 €
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 €
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 €

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, o volume total de madeira extraída desas parcelas deberá sumarse, ós efectos do cálculo da fianza que se lle aplicará.

3. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.


Artigo 9.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria

1. Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Se os danos foren dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráse ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial. No caso de non ser atendido o dito requirimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.

TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Artigo 10.- Infraccións



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.
2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.
3. Constitúen infraccións moi graves:
 - Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello
 - Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso
 - Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor superior a 6.000,00 €
 - Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa
4. Son infraccións graves:
 - Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello
 - Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso
 - Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €
 - Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais
 - Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa
5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 11.- Sancións

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:
 - Infraccións leves: multa de ata 300,00 €
 - Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.500,00 €
 - Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €
2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerá pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.
3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de

acordo co establecido na normativa vixente.

4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 12.- Requirimentos

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

1. A presente ordenanza entrará en vigor logo dun mes dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO


SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO

Datos da empresa madeireira	
Denominación	
NIF	
Enderezo	
Correo electrónico	
Persoa de contacto	

A empresa devandita solicita a súa inclusión no REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO Cerdido, de de 20.....

Nome: Representante da empresa

ALCALDESA / ALCALDE DO CONCELLO DE CERDIDO



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ANEXO II: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA

Denominación		
NIF		
Enderezo		
Telefono de contacto		
Nome da persoa encargada		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume total de madeira a extraer (m3)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar, sitio e parroquia		
Identificación catastral	Polígono	Parcela
Datas previstas de inicio e remate		
Lugar onde se vai a depositar a madeira		

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- o Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta
- o Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- o Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- o Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- o Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

Cerdido, de de 20.....**Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

A alcaldesa explica que tiveron varias reunións cos concellos da zona, e desas reunións saíu este texto de ordenanza consensuado entre todos e que o único problema que lle ve e que é difícil facela cumprir polo que se pretende chegar a un acordo co concello de Ortigueira para poder compartir o policía local que fai este traballo en Ortigueira ou noutro caso adscribir a un funcionario municipal para controlar o tema, ademais solicitouse á Consellería que facilite aos Concellos a relación de autorización de corta que dan para poder controlar este tema .

O concelleiro Benigno Galego Castro afirma que lle parece ben a proposta despois de que se reclamara fai tempo . Cree que non é viable o tema de compartir o policía local , porque o territorio é moi extenso e pon en coñecemento da alcaldía a protesta realizada por un grupo de empresas sobre esta proposta .

O concelleiro Cándido Prieto Lago engade que bota de menos no texto da ordenanza, a regulación das nivelacións dos terreos .


O concelleiro Jairo Orjales Sande esta de acordo con que a ordenanza lle faltan os medios necesarios para poder obrigala a cumprir, e entende que non é viable adscribir a un funcionario local porque non ten o carácter de autoridade .

5.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de auga . Leida a proposta da alcaldía que se copia deseguido: Motivado pola necesidade de facilitar o pago da taxa pola prestación do servizo de auga aos veciños e veciñas de Cerdido e dada a posibilidade de fraccionar a cota tributaria en dúas cotas semestrais sen alterar o importe total , esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo . **Primeiro** :Modificar o artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de auga que quedaría redactado do seguinte xeito aparecendo como suliñado a parte a modificar . **Artigo 6º. Devengo e período impositivo** .A taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga devengarase no intre que se inicie a prestación do servizo con periodicidade anual, os dereitos de enganche devengarase no intre de solicita-la conexión a rede municipal de abastecemento de auga ou a súa modificación ou cando a administración teña coñecemento da instalacións de contadores ou acometidas non autorizadas, con independencia doutras medidas que se procedan a realizar. As cotas consignadas na tarifa corresponde a doce meses que se fraccionarán en dúas cotas semestrais. **Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

A alcaldesa explica que o que se pretende e que non sexa moi elevadas as cotas e que si alguen ten unha avería o detecte canto antes .

O Concelleiro Benigno Galego Castro parécelle ben a medida que xa se solicitou noutro pleno no que se aproba a mesma medida para a taxa da recollida do lixo.

6. Programa de aluguer das vivendas municipais . Leida a proposta da alcaldía que se copia deseguido:ante a publicación da Lei 4/2013, de 4 de xuño, de medidas de flexibilización e fomento do mercado de aluguer de vivendas que modifica a Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos e xa que existían dúas bases de regulamentación das vivendas municipais aprobadas polo Pleno do Concello de Cerdido os días 31/8/2009 e 28/02/2007,esta alcaldía propón ao pleno do Concello de Cerdido, unificar nun so programa e bases as condicións e requisitos para alugar as vivendas municipais adaptandoas a lexislación vixente ao día de hoxe polo que se propon adoptar o seguinte acordo : **Primeiro** : Aprobar as bases de alugueiro conxuntas para todas as vivendas municipais que se copia a continuación e no momento que exista algunha vivenda dispoñible proceder a anunciar no BOP e no taboleiro de anuncio o inicio do proceso . **PROGRAMA DE ALUGUER DAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE CERDIDO OBXETO** : A presente convocatoria pretende realizar unha bolsa de posibles alugueiros das vivendas municipais situadas na parroquia da Barqueira e na parroquia dos Casás



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Ubicación das vivendas	Superficie	Distribucións
As Felgasas Núm. Parroquia da Barqueira	137 m ² e 5 m ² de terraza.	Catro habitacións, cociña, sala de estar e dous cuartos de baño
Campo da Igrexia, Parroquia dos Casas	64,35 m	Dúas habitacións, unha sala de estar, unha cociña e un cuarto de baño .

O contrato ten o carácter de contrato privado e rexeráse pola Lei 29/1994 de arrendamento urbanos .Formalizarase en documento administrativo previa a constitución dunha fianza dunha mensuralidade que será depositada no Instituto Galego da Vivenda . O período do aluguer será dun ano prorrogable con carácter obrigatorio ata tres anos ou o prazo establecido legalmente . Poderase pactar un prazo de aluguer inferior por acordo entre as partes .Será de conta do alugueiro os abonos dos suministros de gas e electricidade así como a auga ou calquera outro gasto individualizable de uso para esta vivenda como é o abono da taxa polo servizo de recollida de lixo .A vivenda adicarase unicamente ó uso de aloxamento do alugueiro sen que podan ser permitidos outros usos, debendo conservar esta en perfecto estado, realizando pola súa conta as reparacións necesarias para a normal conservación , devolvendo a vivenda no mesmo estado no que se recibiu, ó remate do contrato .En caso contrario o concello procederá a reparar os danos ocasionados e repercutirá o gasto o arrendatario da vivenda Prohibese expresamente a cesión ou subrogación do contrato de aluguer desta vivenda.**BENEFICIARIOS:**Persoas maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar ou de convivencia, reúnan os seguintes requisitos:1Acreditar os ingresos anuais totais entre ou 1 e 5,5, do IPREM2Residir no municipio de Cerdido ou desenvolver actividade laboral nos mesmos ou nun radio de distancia a Cerdido que posibilite á súa residencia na vivenda3.Os estranxeiros deberan acreditar a residencia legal en territorio español. O cumprimento deste requisito poderá acreditarse por calquera dos titulares da unidade familiar ou de convivencia.4 Carecer de vivenda en calidade de propietario ou ter unha infravivenda en propiedade En caso de cambio de situación económica o de amaño da infravivenda o propietario deberá deixar a vivenda. Previo informe da alcaldía poderase alugar a vivenda a persoas con vivenda en propiedade que se vexan imposibilitados delas por causas xustificadas . Tamén poderán solicitar vivenda os galegos residentes no estranxeiro que, desexando retornar ou habéndoos feito no prazo de dous anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria e, reúnan, ademais, as seguintes condicións:1 Acrediten ostentar a condición de emigrantes, por un tempo non inferior a cinco anos, mediante certificación expedida polo Instituto de Emigración ou a representación diplomática ou consular correspondente.2 Que os seus ingresos familiares en cómputo anual atópanse entre os límites sinalados para cada tipo de vivenda, podéndose referir estes a o indicador público de rendas de efectos múltiples vixente en España. A existencia e cuantía do salario mínimo legal ou similar, neste último suposto, se acreditará por certificación da agregaduría laboral correspondente no país onde se obteñan as rendas salariais e o cálculo do seu contravalor en euros obterase, no seu caso, aplicando o primeiro cambio oficial fixado polo Banco de España para o comprador no mercado de divisas no ano seguinte ao que se refiren os ingresos.**RENDA DAS VIVENDAS** A renda das vivendas oscilará en función dos recursos dos alugueiros segundo o seguinte cadro:

IPREM, RENDA DO ALUGUEIRO	RENDA DA VIVENDA
1 - 2,49	150 €
2,5- 3,49	200 €
Mais de 3,5	250 €

Esta renda será revisable anualmente en función do IPC a nivel estatal. Aqueles alugueiros que teñan a súa renda por debaixo de 250 €, deberán acreditar cada ano o seu nivel de renda, para poderlle aplicar a renda correspondente ao seu nivel de ingresos. **BAREMO . Baremo para a adxudicación.** Para a adxudicación destas vivendas se utilizará e o seguinte baremo

a) Composición da unidade familiar o de convivencia

Número de membros	Puntos
1	1
2	2
3	3
4	4

Familias monoparentais con fillos a cargo: 3 puntos. Solicitantes que sexan xubilados ou pensionistas: 2 punto.


b) Ingresos da unidade familiar o de convivencia

Número de membros	Puntos
Ata 1,5 el IPREM	6
1,5-2,5 veces o IPREM	4
2,5-3,5 veces o IPREM	3
3,5-4,5 veces o IPREM	2
4,5-5,5 veces o IPREM	1

As siglas IPREM referencíase o indicador público de rendas de efectos múltiples segundo o disposto no Real Decreto Lei 3/2004 do 25 de xuño O Decreto 257/2004, sobre o réxime xurídico das vivendas de promoción pública aplicarase con carácter subsidiario

C.- Tempo de residencia no Concello de Cerdido

Número de anos empadroados	Puntos
Mais de un ano	1



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


PROCEDEMENTO : Unha vez presentadas as solicitudes e valoradas será aprobada por resolución da alcaldía a lista provisional de posibles alugueiros, que se publicará no taboleiro de anuncios de establecéndose un prazo de dez días hábiles para a presentación de reclamacións a lista, unha vez resoltas será aprobada por resolución da alcaldía a lista definitiva por orde de puntuación. No caso que existan vivendas sen alugueiro, realizarse un notificación o primeiro da lista, dándolle un prazo de cinco días para que acepte o rexeite o alugueiro, neste caso chamarase o seguinte e así sucesivamente. En caso de empate de votos procederase a un sorteo público para a adxudicación da vivenda. No caso de que non houbera ningunha persoa na lista, procederase o alugueiro da vivenda a primeira persoa que o solicite e que cumpra as condicións deste programa. Darase prioridade para escoller a vivenda a aqueles persoas cuxa composición familiar sexa maior.

DOCUMENTACION : As solicitudes deberan vir acompañadas pola seguinte documentación .A.- Acreditar os requisitos necesarios para poder optar o alugueiro a través dun certificado de empadramento no concello o xustificación de que desenvolve a súa actividade laboral nos mesmos ou nun radio de distancia a Cerdido que posibilite á súa residencia na vivenda como ter unha renda entre 1 -5.5 IPREM 1.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do solicitante e, no seu caso, cónxuxe.2.- Fotocopia debidamente compulsada, se é o caso, do libro de familia.3.- Certificación municipal de empadramento do solicitante e das persoas físicas que convivan con el, con expresión da data de alta no padrón.4.- No caso dos galegos residentes no estranxeiro e galegos retornados, certificado de residencia acreditando ostentar a condición de emigrantes por un tempo non inferior a cinco anos, mediante certificación expedida polo Instituto de Emigración ou a representación diplomática a consultar correspondente. 5.- Declaración da declaración do imposto sobre a renda, ou acreditación da renda da unidade familiar, a través de nóminas ou calquera outra documentación 6.- Declaración xurada de que ningún membro da unidade familiar fose titular de vivendas ou xustificante da causa que imposibilita o uso dela 7.- No seu caso, declaración, manifestación escrita ou xustificante de ocupar infravivendas. 8- Declaración do número e nome das persoas que van a ocupar a vivenda. **REXIME XURÍDICO** . O contrato de alugueiro das vivendas é un contrato privado, ao que se se lle aplicará o disposto na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos, ou lexislación vixente no momento da sinatura do contrato .Cerdido, 11 de xullo de 2013.A Alcaldesa, Ana Rodríguez Montero. **Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

A alcaldesa explica que o que se pretende é unificar os requisitos para todas as vivendas municipais e adaptara as modificacións legais

7. **Dar conta dos Decretos da alcaldía** . A secretaria deu lectura a relación de decretos seguintes :

Nº	Data	Descrición
Xuño 2013		
138	27/06/2013	Aprobación de facturas do nº 223 ao nº 237
139	27/06/2013	Aprobar a certificación nº 1 e final da obra: Reparación saneamento en Regueirolongo -A Barrosa o Freis e reparación de pluviais A Barrosa-Freis
140	28/06/2013	Autorización para a celebración das festas de San Martín
141	28/06/2013	Autorización para fogueira de San Pedro
Xullo 2013		
142	01/07/2013	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa de abastecemento de auga a domicilio do ano 2013
143	02/07/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000011 para substitución de tellado de fibrocemento en Porto.
144	02/07/2013	Autorización a Unión Deportiva Cebarca a usar o pavillón polideportivo e a megafonía municipal para maratón de fútbol sala.
145	02/07/2013	Aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/13, de xeración de crédito.
146	03/07/2013	Convocatoria de subvencións de cultura, deportes, educación, festas e promoción económica
147	04/07/2013	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de axuda no fogar do 2ºT do 2013
148	04/07/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000014 para substitución de cuberta en Freis
149	05/07/2013	Aluguer do 1º piso esquerda da vivenda municipal dos Casás, por un prezo de 150,00 € mensuais
150	08/07/2013	Aprobación do contido íntegro do expediente de contratación do servizo de mantemento da ETAP de Cerdido
151	09/07/2013	Contratación de auxiliar administrativo para labores de apoio a candidata que aparece no 1º posto da bolsa de contratación.
152	10/07/2013	Autorización para usar un local do Castro a particular para xuntanza
153	10/07/2013	Aprobación da participación do concello no proxecto denominado "Xestión de residuos no polígono industrial da rega"
154	11/07/2013	Aprobar a certificación nº 1 da obra: Edificación para almacén n Os Casás
155	11/07/2013	Aluguer do 2º piso da vivenda municipal da Barqueira por un prezo de 150,00 € mensuais
156	12/07/2013	Solicitud de modificación do obxecto da subvención do programa de apoio á cultura e o deporte da Deputación da Coruña
157	12/07/2013	Declarar desistida a solicitude de licenza nº 2012/U008/000003 para construción de vivenda unifamiliar en Abruñeiros.
158	18/07/2013	Autorización para usar os dous locais do Castro a particular para celebración dunha voda.
159	23/07/2013	Aprobación de facturas do nº 238 ao nº 279
160	23/07/2013	Autorización para uso da sala grande da Casa da Cultura para impartir dous cursos da Deputación da Coruña dirixidos ó persoal do servizo de axuda no fogar.
161	24/07/2013	Autorización para usar un local do Castro a particular para xuntanza
162	26/07/2013	Autorización para usar o Castro para festa de aniversario infantil
163	26/07/2013	Autorización a Unión Deportiva Cebarca a usar o pavillón polideportivo e a megafonía municipal para maratón de fútbol sala.
164	29/07/2013	Licenza de primeira ocupación correspondente á licenza de obras núm 22/2008, de vivenda unifamiliar en Penadovico (Cerdido)
Agosto 2013		
165	05/08/2013	Licenza de primeira ocupación correspondente á licenza de obras núm 6/2008, de vivenda



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

		unifamiliar en Campo da Igrexa (Os Casás)
166	05/08/2013	Licenza de obras nº 2012/U009/000001, para substitución de cuberta en Ulfe de Malados.
167	05/08/2013	Prórroga do prazo para a finalización das obras dun almacén para aperos de labranza e garaxe en Seixas da licenza de obras nº 2010/008/000002
168	05/08/2013	Autorización á Asociación Cultural Airiños dos Carrís, a usar a área recreativa o Castro para organizar o festival de grupos tradicionais
169	05/08/2013	Declarar desistida a solicitude de licenza nº 2013/U005/000001 e proceder o arquivo do expediente, para alta na actividade de invernadoiro no lugar de Carballal - Cerdido
170	05/08/2013	Aceptación da renuncia á licenza de obras nº 2012/U009/000011 e proceder o arquivo do expediente, para colocación de pedra para recubrir un muro de bloque en Ulfe de Malados
171	05/08/2013	Aceptación da renuncia á licenza de obras nº 2013/U009/000012 e proceder o arquivo do expediente para instalación de invernadoiro en O Piñón (A Barqueira)
172	07/08/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
173	08/08/2013	Licenza de apertura da actividade nº 2012/U005/000001 de Café - Bar en Felgosas
174	08/08/2013	Autorización a Comisión de Festas dos Casás, dun local na escola de Os Casás para unha xuntanza
175	09/08/2013	Licenza de obras nº 2013/U008/000009 para galería en vivenda unifamiliar en Ulfe de Malados
176	09/08/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000015 para cambio de cuberta en Cabanas- A Barqueira
177	09/08/2013	Licenza de obras nº 2013/U008/000008 para segregación de parcelas en Carballal
178	09/08/2013	Licenza de obras nº 2013/U009/000016 para substitución de tellado en As Travesas
179	12/08/2013	Autorización a Asociación Cultural Airiños dos Carrís, a usar os locais do Castro para realizar os ensaios de pandeireta e baile
180	13/08/2013	Aprobación de facturas do nº 280 ao nº 304
181	19/08/2013	Convocatoria de pleno ordinario

O Concelleiro Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre os seguintes decretos :

Núm. 145/2013 . que tipo de modificación se realizou ? A alcaldesa explica que se trata de incorporar o presuposto as subvencións que concedeu a Deputación

Núm. 150/2013 . expediente de contratación da ETAP. A alcaldesa explica que o anterior quedou deserto e que se volveu a invitar a tres empresas e se presentou unha .

Núm. 156/2013 Modificación do obxecto da subvención do campo de fútbol . A alcaldesa explica que se solicitou o cambio de partidas presupostarias para o campo de fútbol pero non se variou o importe .


8 Dar conta do informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento das obrigas ao abeiro do disposto na Lei 3/2004 do 29 de decembro . Segundo Trimestre do ano 2013. A secretaria deu lectura o informe seguinte : Informe sobre o

cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento de obrigas. I.- **NORMATIVA APLICABLE**-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais.-Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público .(TRLCSP) modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro de 2013,, de medidas de apoio o emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

II.- CONSIDERACIÓNS. En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta recentemente modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro o establecer que : A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. Modificación que supón alterar o criterio aplicado ata o día de hoxe, xa que computábase o prazo de trinta días dende a presentación da factura ou certificación de obra no rexistro de entrada do concello . A nova normativa impón a obriga de tramitar (aprobar ou non) este documento de pago no prazo de trinta días dende a presentación da factura, iniciándose por tanto o prazo de trinta días dende o acto de aprobación da factura e non dende a presentación no rexistro público .

III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS : Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/04/2013 e 30/06/2013 (segundo trimestres 2013) se obtén a seguinte información:**1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre**

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	0,37	0	130	101143,46	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	0,37	0	130	101143,46	0	0
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	0,01	0	28	27,547,30	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	0,51	0	102	73596,16	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	1	13832,17	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	0	0	1	13832,17	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0
Total	0,33	0	131	114975,63	0	0

2 Intereses de demora pagados no período: Ningún

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha**

3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).


Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período medio pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados ao final do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	3	0	1	37,52	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	0	0	0	0	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	3	0	1	37,52	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00

27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Total	3	0	1	37,52	0	0,00

4)**Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses** dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4 Lei 15/2010): **Ningunha III.- CONCLUSIÓN.** É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a doce de agosto de dous mil trece .O tesoureiro. A secretaria -interventora Daniel Rodríguez Fraguela Paula Díaz Tie. **Os membros do Pleno déronse por enterados**

9 **Dar conta da remisión dos datos aos que fai referencia a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira .** A secretaria deu lectura o seguinte informe :: Informe de Intervención Paula Díaz Tie, secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira informa : **Primeiro** :Que o día 14.08.2013, remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o segundo trimestre do ano 2013,, tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos : Segundo trimestre do ano 2013. . Resume por capítulos de ingresos e gastos **INGRESOS**

Código de conta	Exercicio corrente			Exercicio pechado	
	Créditos iniciais	Previsións actuais	Obrigas recoñecidas netas	Pagos líquidos	Pagos líquidos
1	177.000,00	177.000,00	103.045,53	103.045,53	0,00
2	8000,00	8000,00	3768,51	3768,51	0,00
3	98.000,00	98.000,00	34.561,70	34.561,70	10.126,80
4	560.548,85	560.548,85	207.020,48	207.020,48	66.399,08



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

5	18.500,00	18.500,00	4708,01	4708,01	0,00
7	80.633,89	239.583,33	38.354,90	38,354,90	20738,71

GASTOS

Código conta	Exercicio corrente				Exercicio pechado
	Créditos iniciais	Previsión actual	Obrigas recoñecidas netas	Pagos Líquidos	Pagos líquidos
1	469.666,74	469.666,74	182.644,75	182.644,75	7056,17
2	365.519,20	367.813,10	188.325,53	188.288,01	22.570,72
3	200,00	200,00	0,00	0,00	0,00
4	10900,00	10.900,00	1405,39	1405,39	2600,00
6	96.596,80	253.252,34	16.014,20	16,014,20	48,460,27

Informe de evaluacion - resultado estabilidade presupostaria . Segundo trimestre 2013

Ingreso non financeiro	Gastos no financeiro	Axustes pola entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade /Necesidade de financiamento
391.459,13	388.389,87	45.480,40	0,00	48.549,66

Informe de cumprimento da regra de gasto . Segundo Trimestre 2013

Gasto computable liquidación 2012	Taxa de referencia	Aumentos /diminución artigo 12,4	Limite regra de gasto	Gasto computable previsión 2013
980.710,91	997.383,00	13,000.00	1.010.838,00	957.825,64

Conclusión : O Concello de Cerdido cumpre , cos datos do segundo trimestre do ano 2013 cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria e coa regra de gasto. Cerdido , 19 de agosto de 2013

A secretaria – interventora Paula Díaz Tie **Os membros do pleno déronse por enterados .**

10 Rogos e preguntas .

O concelleiro Benigno Galego Castro, realiza os seguintes rogos e preguntas :

Como esta o expediente relativo o camiño dos Casás ? A alcaldesa explica que non sabe en que trámite se atopa pero que lle preguntará os servizos técnicos .

Cando se lles vai a entregar a documentación solicitada, xa fai dous anos ?

A vivenda de emerxencia social dos Casás ten mobles ? A alcaldesa afirma que o Concello non comprou mobles e que a persoa que agora o ocupa deixáronlle os mobles .

Como se atopa o expediente de contratación do mantemento alumado público ? A alcaldesa explica que aínda non se fixo nada e que están pendente de sacar un contrato conxunto entre varios concellos para rebaixar os costes .

Roga a alcaldía para que faga presión para que non modifiquen as paradas do tren, xa que recentemente anunciouse que suprimira as paradas de Cerdido e Moeche, polo que esta zona quedaría sen servizo público de transporte , anunciándoo unicamente cunha fin de semana de prazo .

O Concelleiro Jairo Orjales Sande, únese o rogo anterior e anuncia que están preparando unha mocion para presentar en todos os concellos implicados para manter servizo de transporte público na comarca , pensa que é un tema moi importante e que se debería solicitar que os horarios coincidan con horarios de xente traballadora o estudantes e que se fagan campañas de divulgación na zona porque é un servizo moi barato e entende que a mellor defensa do tren seria que a xente o use .

O Concelleiro Cándido Prieto Lago expón que hai unha luz intermitente en As Felgosas ,diante da casa de Vicky que non funciona ben dende hai dous anos e que existen cortes de luz continuos nas Felgosas .

Pregunta a alcaldía porque non se fan alegacións cando se aproban os plan de transporte público xa que outros concellos o fixeron como As Pontes e San Sadurniño e conseguiron manter algunha liña

Están sinalizando a AC102, para facer que obras ? A alcaldesa afirma que pensa que se van a melloralas para evitar os accidentes que hai no Carballeiro .

E, non habendo mais asuntos que trata, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as dezasete horas e dez minutos do día vinte e oito de agosto de 2013. Do que eu como secretaria dou fe:

A secretaria

A Alcaldesa

Paula Díaz Tie

Ana Rodríguez Montero